

## DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DA CONTRATACIÓN DO “CONTROL DE CALIDADE E PROBAS NAS INSTALACIÓN DO NOVO AUDITORIO”.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 18-2020, por un importe total de 8.591,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020, para dar cobertura ás obrigas que se desprenden da contratación do “Control de calidade e probas das instalacións do Novo Auditorio”.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/771 de data 01/10/2020, así como RCMOD Ref.: 91138/2020 por importe de 8.591,00 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 8.591,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<b><i>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</i></b>	<b><i>IMPORTE €</i></b>	<b><i>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</i></b>	<b><i>Código proyecto</i></b>	<b><i>IMPORTE €</i></b>
91201.22799	8.591,00 €	93301.63200	20XX00034	8.591,00 €
<b><i>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</i></b>	<b><i>8.591,00 €</i></b>	<b><i>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</i></b>		<b><i>8.591,00 €</i></b>

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.